



GRUPO MUNICIPAL

LUÍS REI NUÑEZ, voceiro do Grupo Municipal de MAREA PONTEVEDRA, presenta no Rexistro do Pleno, ao abeiro dos artigos 49, 2) e 67, j) do Regulamento do Pleno, as seguintes PREGUNTAS ao Grupo do Goberno do Concello, sobre o denominado **PARQUE FORESTAL PERIURBANO A FRACHA**.

ANTECEDENTES:

O luns 10 de agosto, o portavoz do goberno municipal, Raimundo González, deu unha conferencia de prensa anunciando que a Xunta de Goberno do Concello dese día aprobara a adxudicación da redacción, á empresa Lagares Oca, SL, do anteproxecto dun denominado Parque Forestal Periurbano A Fracha.

O señor González anunciaba *urbi et orbi* que esa anteproxecto “contará cunha memoria e recollerá todas as cuestións relativas á tramitación administrativa desta iniciativa, como é o seu encaixe no planeamento ou os permisos de Medio Ambiente e Medio Rural”. Tamén avanzaba que incluírá “propostas de habilitación de sendeiros e instalación de moblaxe, xogos infantís e rutas para a práctica deportiva de bicicleta de montaña”. Ademais, avanzaba a extensión do Parque: 250 hectáreas, nas parroquias de Marcón, Tomeza, Canicouva e Ponte Sampaio.

A respecto destes anuncios, Marea Pontevedra formula as seguintes

PREGUNTAS:

1 – ¿Onde se xustifica que o concello carece de medios técnicos propios e, por tanto, se fai preciso encargar a redacción dese Anteproxecto a unha empresa externa?

2 – Se xa hai unha extensión prevista para o Parque, ¿por que non consta a consulta previa coas Comunidades de Montes que deberán dar o seu visto e prace para a cesión dos terreos afectados por esa actuación?

3 – ¿Non debería ser previo o proceso de negociación ao gasto inicial xa aprobado polo Grupo de Goberno (de 20.570 euros)?

4 – ¿En que momento se pensa contar coa participación dos veciños para incorporar as súas suxestións, demandas e ideas para ese futuro Parque?

5 – ¿Existe unha previsión sobre o volume de movementos de terras que vai implicar a devandita actuación?

Pontevedra, 3 de setembro de 2015,
O Portavoz do Grupo Municipal de Marea Pontevedra

Luis Rei Núñez